



CONTINUACIÓN

7º- Fai uns días ameazouse a unha contratada de que se non limpaba un barrio en dous días (que o titular dende fai anos o reparte en días alternos ou cada tres) despediana. Ante iso a traballadora agonouse e tras clasificar durante horas, repartiú mañás e tarde. Debido o estres imposto dende “os consanguíneos”, a traballadora relaxou a súa seguridade e foi atacada por un can que lle produzo un desgarró e que lle produciu unha baixa. ¿ordenes legais?, por escrito nunca.

8º- en contra das ordes dadas directamente polo xefe dos servicios periféricos, agora esta forzando ao persoal a tirar a correspondencia ata que se acabe, producindo que o pendente pase das caixas os barrios, e facendo que barrios que os barrios que se facían ó día fáianse agora en días alternos, e que os barrios que se facían cada dous días se faian cada 3 ou 4. ¿Legal?, non, aumenta os peores índices estadísticos de toda Europa e empeora o teórico Servicio postal Universal; e sobre todo, despótico.

9º- para colmo, como en moitos lugares de toda España e con a conivencia da xefatura, os rurais participaban dun turno de librado, que agora que se establece legalmente ca firma do novo convenio, a familiar xefa impide e volta o sistema de tódolos sábados. ¿legal?, polo momento si, xa que os asinantes do novo convenio e Correos non crearon o sistema de aplicación inmediata e moitísimos rurais teñen que aguantarse.

10º- e o mellor, e que entereime de que pronto vai a ser a adxudicación dos postos de xefe de cartería e equipo, e que con moitísimas probabilidades e visibles problemas, pódelle tocar á referida persoa; e claro imos ter a visita de Papuchi para que non sexamos malos con ela. ¿Legal?, será así, pero prevense situacións conflictivas, debido sobre todo a que as incapacidades como xefe hérdanse de pai a filla e o testamento esta feito. De casta lle ven ao galgo, que eu prefiro ser palleiro.

HUMOR: O carteiro e o loro.

Entra un carteiro nunha casa, e atopa un letreiro que di, "Coidado co loro", pero fai caso omiso e continúa camiñando, e atopase outro cartel que di, "Non moleste ao loro". O carteiro un pouco asustado abre a porta, e ve un lorito pequeno e casi desplumado, con un cartel que di, "Loro perigoso". O carteiro ríndose toca a xaula, o loro da un golpe no chan e di a seu can:
¡Sultán, mata



Se queres colaborar na redacción deste boletín, podes facelo mandando un correo electrónico a:

cgtcorreosgalicia@hotmail.com




HORREOS E TELEGRAFOS

BOLETIN DE CGT CORREOS DE GALICIA OUBRO 2006

Con este boletín, CGT Correos de Galicia, pretende ademais de informar dos problemas que témo-los traballadores de Correos en Xeral, comprobar as similitudes máis específicas de Galicia e ser tamén un punto de referencia no pensamento crítico.

Pretendemos que sexa un espacío onde podades escribir o que vos pareza sobre as vivencias laborais en Correos, ou ser un punto de denuncia dos continuos abusos que se producen no noso traballo.

Aparte das noticias que colocaremos neste boletín, pretendemos ter un pouco de humor no tratamento dalgunhas



cousas, xa que para padecer xa t e m o s moitas veces as condicións de traballo.

E

xa sabedes, se desexades colaborar con nos na redacción deste boletín, estamos a vosa disposición. Esperando que vos guste e que participedes nel, axúntovos unha dirección electrónica para remitades os escritos, ou ben enviádeas a seccións sindicais de CGT de cada provincia.

DESTINATARIO

REMITA:
CGT CORREOS GALICIA





COUSAS QUE PASAN

Algúns sindicatos non están de acordo con facer referendums para que os traballadores decidamos o noso futuro, ou as nosas condicións de traballo; ou eso din xa que eses mesmos sindicatos que negan ao persoal de Correos esa posibilidade os fan en RTVE, en Institucións penitenciarias de Cataluña, na Deputación de Palencia, Volkswagen, Fasa-Renault, Ministerio de Xustiza, etc.

CGT cree na democracia, pero non so cada catro anos, e non so cando lles interesa ou beneficia a os sindicatos.



VISITA A NOSA WEB:

www.cgtdcorreosgalicia.blogspot.com

Os de sempre menos un, o sexa as trillizas, que agora son xemelgas; vamos CCOO y CSIF; esas irmáns da caridade andan a dicir que a bolsa de emprego é unha marabilla, xa que para iso a firmaron.

-Vamos, que estan de acordo en que se te chaman dúas veces e estas traballando noutro lado porque tes que afrontar os teus gastos e renuncias (2) quedas fora da bolsa e perdes a posibilidade de ser fixo.

-Que están de acordo en que o finalizar os contratos, os xefes faian unha avaliación de desempeño. Eses mesmos xefes que te animan a traballar pola tarde, que veñas uns días antes a aprender e uns días despois a limpar.

-Tamén estarán de acordo en que unha persoa que esta en Madrid teña moitas mais posibilidades de entrar como fixa que outra dunha provincia Galega.

Vou relatar unha breve conversa o outro día en Lugo entre o que escribe, de CGT e unha liberada sindical de CCOO:

CGT: “¿que te parece a nova normativa de contratación?”

CCOO: “¿e que prefires unha ETT?”,

CGT: “¿Que me estas preguntando? ¿se prefiro un disparo o un navallazo?”

Pois claro que prefiro un navallazo, pero a cuestión é que non quero nin un tiro nin un navallazo?”

A pena foi que nese momento non recordase o seguinte chiste:

Chega un cliente a un restaurante e pregunta que teñen de comer, ao que lle responde o camareiro: “temos merda ou merda con cebola”; polo que lle contesta o cliente: “póñame merda soa, que con cebola chéirame o alento”.



CARACAN, OU DE CASTA LLE VEN O GALGO



De todos é sabido que para ascender en Correos hai varias variables que axudan a medrar: unha é a capacidade de submisión, outra é ser un sindicalista do réxime e outra é o grado de consanguinidade. O caso que nos ocupa é este ultimo, e a familiaridade é de primeiro grado entre pai e filla nun dos máis altos cargos desta Galicia caciquil nosa. Este é un caso que ten unha historia ben sinxela e vou a explicala paso a paso:

1º-hai unha vacante de xefe adxunto, e non se oferta de maneira publica, senón que apenas se enteran dous. Legal, pero nada ético.

2º- a praza acéptaa un familiar de primeiro grado dun xefazo postal sen ningún tipo de entrevista, nin capacitación previa. Legal, pero nada ético e todo gracias a discrecionalidade que hai nesta casa e permitida sindicalmente dende fai anos.

3º- a aceptación prodúcese a cambio de que se a familiar pasa á praza de atención ao cliente, a súa parella (familiar político dun xefe provincial) pase a ocupar a súa praza de carteira, . Este feito prodúcese. Legal, pero nada ético. Sobre todo dende que se esgotaran as listas de contratación e a permisividade sindical, permitiu que non se abriaran durante anos e se contratase a quen algúns xefes considerasen por idoneidade sanguínea, política ou sindical. Legal, pero nada ético

4º- esta situación persiste durante dous anos, e mentres, o familiar directo dun gran xefe postal e anterior sindicalista, presentase as probas de xefe de equipo e de cartería, no que lle puntúan con 2 puntos o tempo que estaba traballando como xefe adxunto e dado de maneira discrecional. Legal, pero nada ético.

5º- as maneiras de xefa sempre as apuntou, aínda que de todos os que comparten centro de traballo, coñecen a súa incapacidade para mandar e menos as de coordinar. Fai apenas uns días a outra xefa, tamén provisional, foi a facer unha substitución fora da oficina, polo que a familiar pasou a desempeñar as tarefas de xefa de oficina. Legal, pero nada capacitada.

6º- Dende o primeiro día, en vez de tentar ter un pouco de man esquerda, comezou o proceso amnesico tan habitual nalgúns ex-carteiros que pasan a xefes; e comezou a dar ordes que o que están creando un mal ambiente que de non remediar, pode estoupar. Legal, pero pouco intelixente.

CONTINUA ATRAS



FARDO DE VIGO e Sicario de Pontevedra

Informa:

NOS DESPACHOS NON CHOVE

Xa se sabe que non chove tanto nos despachos como na rúa, aínda que algúns xefes de interior teñen a azotea ben mollada. O que tamén sabemos é que os cartos que perde a “empresa” non son deles, aínda que as veces co raquitismo co que se contrata ou cando falan de beneficios, de cumprimento de obxectivos, parece que a gañaron esta multinacional postal a base de sementar patacas co suor da súa fronte. E digo que se nota que os cartos non son deles, porque moitas veces dálle o mesmo que lle metan unha multa a Inspección de Traballo superior o valor do que suporía solucionalo.

O caso concreto que pasou na provincia de Pontevedra e que demostra por un lado a nula sensibilidade dos responsables provinciais, e por outro a irresponsabilidade en canto a saúde laboral e económica.

En tódalas empresas onde os seus traballadores están obrigados a desempeñar o seu traballo a intemperie, coma neste caso todo o persoal de reparto, están obrigadas a entregar roupa de abrigo e chuvasqueiros, independentemente de se o persoal é fixo ou eventual; pero en Correos na maioría dos casos non o fan, fundamentalmente co persoal contratado.

A pesar de coñecer a lei, e de serlle recordada por CGT en innumerables ocasións, mantéñense na súa posición de non entregar roupa, polo que este sindicato procedeu a denunciálo a Inspección de Traballo en novembro do 2005. En Xuño de 2006, a Inspección procedeu a requirirille a Correos o cumprimento da lei. E polo de agora, outubro de 2006, Correos segue a facer caso omiso a Ins-

pección.

E chove sobre mollado, e sobre todo nos que repartimos na rúa. A pesar de que en Galicia é de todos sabidos, aínda que nos despachos non o sei, chove bastante; que dende a dirección de Correos queren reducir as baixas, que algúns sindicatos que asinan todo queren reducir o noso soldo en función das baixas sen facer nada por mellorar as condicións de traballo relacionadas ca saúde; nin dirección nin eses “sindicatos” amigos fan nada por solucionar este tema.

Dende CGT, voltamos a recordarlle a xefatura que no caso de non proceder a entrega inmediata de roupa de abrigo e chuvasqueiros a TODO o persoal de reparto, procederemos a denunciar de novo a Correos ante a Inspección, por incumprimento da lei e do requirimento anterior.

O máis probable é que como os cartos non saen dos petos dos irresponsables postais, non fagan caso a última advertencia de CGT, e probablemente a sanción que lle vaia a impoñer a Inspección vaia a ser superior que a solución do problema; pero como sabedes nesta casa non hai cartos para cubrir os AAPP, ou as baixas, ou para arranxar vehículos ou oficinas, pero si para pagar as negligencias dos nosos directivos; precisamente a eses que non lles chove.



A Coz de Galicia

EDICIÓN CORUÑA

CGT de Coruña mantense incansable denunciando tódalas propelas que se producen nesta casa. E a verdade é que non paramos. Non vivimos nos locais



sindicais. Cando non estamos a repartir cartas, como traballadores que somos, andamos de oficina en oficina, e logo de volta o chollo, a empuxar o carro. O bo que ten andar de pobo en pobo é que te permite observar que a irresponsabilidade da xefatura provincial non é un tema do pobo onde traballas, a pesar da incapacidade do xefes de oficina ou cartería, que por non quererse enfrontar cos seus superiores, permiten situacións realmente vexatorias para nos, os traballadores.

É vergoñento ver como algúns xefes lavan o seu coche no muelle da Xefatura Provincial con total impiedade, mentres o vehículo impedía que o persoal desenvolvese o seu traballo.

É vergoñento comprobar o estado de moitas oficinas da provincia, mentres algúns despachos de xefes provinciais e sindicais están relucentes.

É vergoñento ver como a pesar das subidas do gasoil, superiores o 40%, os sindicatos asinantes de todo, andan a vender a subida do 10% como un éxito sindical.

É vergoñento ver como algúns sindicatos que todo o asinan venden as bolsas de emprego como unha mellora para

o persoal eventual. Eso si, se xa había descontrol cas mesas de contratación provinciais, agora que non as hai, e que solo “ccoontrolaran” CSIF e CCOO, isto vai ser a casa da collona.

Será vergoñento ver como en breve os novos xefes de equipo e cartería, antes moitos beneficiados a dedo, se colocan nos cargos de latigueiros con postos definitivos.

Foi vergoñento ver como a presión do novo sistema de contratación, fixo máis que nunca, que moitísimo persoal eventual tivese que levar correo para casa, ou que repartise pola tarde.

Será vergoñento ver como despois das eleccións sindicais e comecen a aplicar a produtividade individual, como algúns sindicatos van a vender este “xusto” novo complemento de ASISTENCIA para os non enfermos e PRODUCCIÓN para os que o seu xefe diga que é productivo. ¿Porque senón que me expliquen como se vai a comparar un barrio rural que reparte 300 cartas suando e a toda velocidade con outros urbáns que reparten 1500 deixando 1000 en porteiros e comendo na casa?.

Os que venden os dereitos dos traballadores dende os locais sindicais, dicindo que iso decídese en Madrid e non en Coruña, o que fan é xustificar a súa complicidade.

Xa sabedes, se tedes algún problema, non dubidedes en acudir a CGT, que alí estaremos.



El Proceso de Lugo

IL CAPON DI VILALBA

A finais de setembro andivemos facendo actos informativos por algunhas oficinas de Lugo, e non tivemos problemas mais que nunha oficina: en Vilalba. De principio, xa se nos puxeran pegas dende os altares provinciais, o dicir que tódolos actos coincidían con outra formación sindical, e que polo tanto non as podiamos facer. Este feito indicaránolo o venres as 14:30 para que non tiveramos xeito de arranxalo, pero aínda así tiramos cara adiante. O luns fíxemos asemblea en Monforte, onde curiosamente, estaba un delegado de CCOO, que dixo “que lle metera pouca caña”; cousa certa, xa que tendo en conta o que fai o seu sindicato, pouca leña se lle da, a pesar de dárselle moita. Chantada, Becerreá e Sarria tamén tiveron as nosas visitas, e en todas tivemos un recibimento correcto polos xefes e cordial polos compañeiros. Pero todo iso, ía quedar atrás o chegar a Vilalba. A pesares de que tódalas oficinas ás que íamos sabían que estabamos “autorizados”, xa que o comunicáramos previamente por cortesía, non por obriga; en Vilalba, trala aparente corrección inicial do xefe, este pasou a fase 2: intentar fastidiarnos o acto informativo. Sen poñer pegas iniciais, comezamos a asemblea trala tirada xeral, xa que temos que ir logo a Rábade. Tras cinco minutos de comentar ao persoal o “magnifique” Convenio e Estatuto, achegásemo un compañeiro e me di, que di o xefe que non temos autorización para facela. Este feito alporízame e poño o grito no ceo, achegámonos o despa-



cho do xefe e máis en tono medio que susurrando, e tras consultar co gabinete xurídico de CGT, indicámoslle que en caso de impedir este acto, consideraremos dita acción coma un intento de limitación da liberdade sindical, e que polo tanto procederemos a chamar a policía, e co parte realizado por esta, acudir o xulgado. Tras disto, e un pouco resumido, coméntame que vai pedir á capital, que lle envíen por escrito, a denegación de autorización do acto. Ante esta situación e o ter claro CGT, que ten dereito a facela, indícolle o “xefe”, que el que faía o que queira, ou o que lle “¿ordenan ou decide?”, que nos ímos seguir co acto, xa que nos ampara a lei. Tras disto, non volvemos a saber de denegación ou autorización, o que si que nos quedou claro e que algúns xefes con tal de ganar puntos ante a xefatura, os seus sindicatos afíns ou pretender mostrar poderío son capaces de tentar incumplir a lei. Eses mesmos xefes, que moitas veces parecen Garda Cívica, cando lles dis que vas ser ti o que vai chamalos, xa lles cambia a cara e a presión no esfínter, e as ordes que nunca lle dan por escrito os seus “subordinados”, din pedirlas a seus superiores. Ante todo moitas gracias a tódolos compañeiros, tanto de Vilalba, como do resto de oficinas polas que pasamos, xa que ademais de respecto, ese que se ten entre igual e igual, de carteiro a carteiro, de traballador a traballador; non ese trato de recordar “favores” entre sindicalista e currante; ademais de ese respecto, atopamos o calor do recoñecemento de moitas verdades que outros calan ou ocultan.



A Legión de Ourense

LIO NO PABELLON

Fai pouco deuse na cartería 1 unha situación un tanto divertida que paso a contar resumidamente para que non sorprenda aos da cartería 2 ou outro lugar no que se vaia a producir unha situación parecida.

En primeiro lugar, comeza o recargo o día 1 de Xullo. O día 1 de Xullo hai o mesmo correo máis ou menos que o 30 de Xuño. Se unha persoa necesita toda a maña para repartilo correo o 30 de Xuño, entón, loxicamente o día 1 de Xullo non lle da tempo a repartilo. Primeiros atascos, primeiros cabreos.


Pasados uns días indicásenos que van traer as mesas novas e que hai que dicir quen se quere levar as vellas para casa, explicase como hai que rotulalas de forma que non se entera ninguén (o certo é que é bastante complicado xa que hai uns casilleiros con 5 separacións, outros con 8, por outro lado din que en total hai 100 separacións, hai que rotular na mesma orde no que se reparte...) e que hai que entregar o plano da mesa antes de tal día porque os rótulos dos casilleiros van a ir feitos cun programa que so pode facelos el, e non se poden facer a man.

O venres seguinte chega o momento; invasión de remolques na explanada da estación cargados con mesas e casilleiros e posterior chegada dos camións cas mesas novas. Este venres ao chegar do reparto non estaban as mesas colocadas. O sábado si pero sen rotular, claro.

Os pobres do sábado non se aclaraban, o mesmo cos pobres do luns que chegamos cos rótulos a medio facer, para moitos tirando de forma diferente a como o viñan facendo, sen costume de tirar as cartas de pe en lugar de horizontais e enriba co recargo.

Desastre total.

Pouco a pouco terminamos de facer o plano da mesa e o entregamos. Nin que dicir ten que o programa que ía a facer os rótulos non existe, ou non funciona ou as dúas cousas pero o caso é que hai que facer os rótulos a man a trancas e barrancas, buscando o tempo onde sexa.



Suspendese o recargo ata o 1 de Agosto.

Ímonos acostumando a tirar nas mesas novas pero resulta que son baixísimas (ou as cadeiras altísimas). Varios compañeiros solicitan ao servizo de mantemento para que as suban. Resposta: Hai que ter paciencia. Un compañeiro descubre cómo se soben e xa nos tes a todos levantando mesas a pulso e xirando tornillos, por certo, pesan bastante.

Podería pensarse que xa está todo normalizado; e igual que antes da mudanza pero resulta que non sei a que mente preclara se lle ocorreu cambiar a colocación das mesas. Por moito que me esforce non atopo palabras para cualificalo pero vou a describilo:

Quedaron 5 pasillos que atravesan a estancia dende a entrada ao fondo, contando que antes había 3 e xa non quedaba moita amplitude podes imaxinar que os pasillos son agora como os dos submarinos. Pero no so iso, deses 5 pasillos, 3 non se usan, un é un pasillo central que ninguén sabe para qué serve, e outros dous, nos extremos, son obrigatorios para poder abrir as fiestras que agora quedan detrás das mesas de forma que non dan luz a ninguén. De maneira que de 5 pasillos, so son utilizables 2, un para os urbanos e outro para os rurais. Estes pasillos son estreitísimos e andar por ahí convertese nunha carreira de obstáculos; hai que esquivar caixas, cadeiras, carros e compañeiros.

En resumidas contas, as cadeiras moi bonitas, as mesas moi bonitas e moi novas pero nos estamos peor que antes como é de rigor cada vez que se produce un cambio.